

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 2018/2019

- **Constitución do equipo:**
O equipo foi constituído en setembro do ano 2017, sendo este o segundo e último ano de vixencia.
Está formado por:
 - Coordinadora: M^ª Carmen García Quibén
 - Equipo directivo
 - Isabel Mir Casaus
 - Miguel Roibás Taboada
 - Begoña Varela Varela

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares organiza unha serie de actividades a realizar durante todo o curso escolar, previo consenso do equipo docente, para as cales se precisará nalgúns casos de autobuses.

Aquelas actividades que precisan do desprazamento en autobús e ás que acude todo o alumnado do centro, (dous autobuses), contan coa colaboración en determinadas ocasións do Concello de Vilaboia e a ANPA do CRA “Os Pequenos” para sufragar os gastos. O percorrido dos autobuses, fixarase en función das saídas dende cada centro.

FESTAS

As festas que se celebrarán durante o curso serán as seguintes:

- 1* **Samaín.**- Os días 29, 30 e 31 de Outubro as titoras e demais especialistas traballarán coordinadamente nas aulas os costumes e tradicións desta festa popular.
- 2* **O Magosto.**- Terá lugar o día 9 de novembro, venres. Asaranse as castañas nas escolas contando, nalgúns casos, coa colaboración dos pais. Previamente nas aulas, terase traballado sobre as castañas e o outono, aprendendo cancións, refráns, adiviñas, etc.
- 3* **O Nadal.** O derradeiro día lectivo de decembro, venres 21, terá lugar na casa da cultura de Riomaior ,o festival de Nadal. Ata alí se achegarán os reis e todo o alumnado poderá darlle as cartas que traen preparadas das escolas, despois das diferentes actuacións.
- 4* **O Entroido.**- A semana do 25 de febreiro ao 1 de marzo realizaranse caretas, disfraces, etc. cada escola celebra o Entroido o último día, nalgúns casos con pequenos desfiles, se o tempo o permite. Este ano estará adicado á Prehistoria e dinosauros, posto que este será o proxecto do segundo trimestre.

A isto hai que engadir as conmemoracións puntuais que se celebrarán ó longo do curso, como son o Día da Paz, o Día do Libro, Semana das Letras Galegas, a Semana da Prensa, o Día da Infancia...

- Concreción anual do programa:

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
CAFÉ MODERNO VISITA GUIADA/OBRADOIRO PONTEVEDRA	1º TRIMESTRE 18 Outubro	4-5 ANOS	COORDINADORA EAACCEE TITORAS
GRANXA APIPOLIS XEVE	1º TRIMESTRE 29 Outubro	5 ANOS	COORDINADORA EAACCEE TITORAS
SAMAÍN ESCOLAS DO CRA	1º TRIMESTRE 29-30-31 Outubro	3, 4 e 5 ANOS	TITORAS e ESPECIALISTAS
COMPOSTAXE	5 (Bértola e Barciela)-6 (Figueirido e Paredes) -7 (Pousada) Novembro	3, 4 e 5 ANOS	TITORAS
MAGOSTO ESCOLAS DO CRA	1º TRIMESTRE 9 Novembro	3, 4 e 5 ANOS	TITORAS e ESPECIALISTAS
ALMORZOS SAUDABLES ESCOLAS DO CRA: BARCIELA, BÉRTOLA, FIGUEIRIDO E PAREDES	1º TRIMESTRE <ul style="list-style-type: none"> • Barciela 13-20 • Bértola 16-23 • Figueirido 14-21 • Paredes 15-22 Novembro	3, 4 e 5 ANOS	COORDINADORA EAACCEE TITORAS
FESTIVAL DO NADAL Casa da Cultura de Riomaioir Santa Cristina de Cobres (VILABOA)	1º TRIMESTRE 21 Decembro	3, 4 e 5 ANOS	TODO O PROFESORADO
EXPOSICIÓN LIVING DINOSAURS PONTEVEDRA	2º TRIMESTRE 15 Xaneiro	3- 4-5 ANOS	COORDINADORA EAACCEE TITORAS
FÁBRICA CLESA CALDAS DE REIS	2º TRIMESTRE 25 Xaneiro	4-5 ANOS	COORDINADORA EAACCEE TITORAS
TEATRO AFUNDACIÓN PONTEVEDRA	3º TRIMESTRE "Gulli Gulli" 24 abril	3, 4 e 5 ANOS	TODO O PROFESORADO
ENTROIDO ESCOLAS DO CRA	2º TRIMESTRE (1 marzo)	3, 4 e 5 ANOS	TODO O PROFESORADO

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
DEMOSTRACIÓN CETRERÍA ESCOLAS DO CRA: BARCIELA, BÉRTOLA, FIGUEIRIDO E PAREDES	3º TRIMESTRE <i>(pendente de confirmar)</i>	3, 4 e 5 ANOS	COORDINADORA EAACCEE TITORAS
BOMBEIROS PONTEVEDRA	3º TRIMESTRE 16 maio	3 ANOS	COORDINADORA EAACCEE TITORAS
MERCADO/MUSEO PONTEVEDRA	3º TRIMESTRE <i>(pendente de confirmar)</i>	5 ANOS	COORDINADORA EAACCEE TITORAS
FESTIVAL LETRAS GALEGAS Casa da Cultura de Riomaioir Santa Cristina de Cobres (VILABOA)	3º TRIMESTRE 31 Maio	3, 4 e 5 ANOS	TODO O PROFESORADO
VISITA 6º EI ao CEP PLURILINGÜE RIOMAIOR CPI TOURAL	3º TRIMESTRE 28 Maio (CEP) 6 Xuño (CPI)	5 ANOS	XEFA DO TITORAS
ACOLLIDA NOVOS ALUMNOS ESCOLAS DO CRA	3º TRIMESTRE 1ª SEMANA DE XUÑO	3, 4 e 5 ANOS e novo alumnado a matricular	TITORAS
FIN DE CURSO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA ARTE RUPESTRE CAMPOLAMEIRO	3º TRIMESTRE 18 Xuño	3, 4 e 5 ANOS	TODO O PROFESORADO

Para todas as saídas que se realicen fóra das escolas, solicitarase con antelación a autorización por escrito das familias. A responsabilidade das titoras nas saídas poderá recaer no profesorado especialista que acompañe aos nenos e nenas na saída previa comunicación da Dirección do centro aos interesados/as ou previo acordo entre o profesorado implicado e comunicación á Dirección.

A programación das saídas complementarias aquí resumida na táboa é unha programación flexible, susceptible de ser modificada en función dos acontecementos, climatoloxía... Así, ás saídas xa concretadas pódense engadir outras que se vaian ofertando o longo do curso por parte de distintas institucións (Concello, Deputación, ABANCA, Salón do libro de Pontevedra) e que resulten interesantes para a formación do alumnado e que terán que contar co visto e prace da Dirección, e da Xefatura Territorial Provincial no caso de alterar o horario lectivo, tal e como se recollen na normativa vixente.

Ao longo de todo o curso programaranse dende as distintas escolas saídas á contorna máis próxima (a observar a natureza, os animais, tarefas tradicionais...). Para realizar estas saídas á contorna será necesario solicitar previamente nunha única autorización o permiso dos pais e nais do alumnado (autorización saídas contorna), así como o visto e prace da Dirección, quen deberá estar informado das mesmas previamente á súa realización e o comunicará á Inspección Educativa.

Asemade ao longo do curso o CRA vai participar no proxecto **MÓVETE+** coa finalidade de estimular o movemento nos nenos e nun proxecto en colaboración co Concello de Vilaboa para traballar a compostaxe en tódalas escolas.

PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PROPOSTAS POLA ANPA

A ANPA “Os Pequenos” se encarga de facilitar a adquisición do material escolar, organiza as actividades extraescolares nas que participan os alumnos do C.R.A. como son: piscina, teatro, bailes de salón, patinaxe e xogos e deporte..., colabora asumindo parte do custo do transporte escolar nalgunhas das saídas, e facendo de intermediaria coas Súas Maxestades Os Reis Magos de Oriente no Festival de Nadal.

- **PISCINA:** Complexo Deportivo Rías do Sur (Pontevedra) Luns- 17:15 a 18:00 / Xoves 16:30 a 17:15
- **PATINAXE:** No Pavillón de Riomaior. Martes de 17:00 a 18:00
- **TAEKWONDO:** No pavillón de Riomaior Mércores de 17:00 a 18:00
- **XOGOS E DEPORTES:** Na Casa da Cultura de Riomaior .Mércores de 17:00 a 18:00
- **TEATRO:** Na Casa da Cultura de Riomaior. Venres de 17:30 a 18:30
- **ZUMBA:** Na Casa da Cultura de Riomaior Luns de 17:00 a 18:00
- **INGLÉS:** Na Casa da Cultura de Riomaior Mércores de 18:30 a 19:30
- **MANUALIXOGOS:** Na Casa da Cultura de Riomaior Luns de 16:00 a 17:00
- **MINITENIS:** No pavillón de Vilaboa Martes de 16:00 a 17:00
- **ESCOLA DE FÚTBOL:** No pavillón de Riomaior. Mércores e venres de 18:00 a 19:00